


Vanessa atalanta (Linnaeus,1758)
Feiticeira común

Orde:
Lepidoptera
Familia:
Nymphalidae
Tamaño:
G
Grao de ameaza:
Galicia: nc
España: nc
Europa: nc



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

- **Anverso.** Esta bolboreta de tamaño máis ben grande e cor escura, case negra, presenta unha serie de manchas brancas próximas á zona apical e unha banda alaranxada que atravesa o par dianteiro, mentres que no par traseiro esta cor alaranxada queda restrinxida á zona marxinal onde aparece punteada de negro. Neste mesmo par, poden apreciarse tamén unhas pequenas manchas azuis no ángulo anal.
- **Reverso.** O par anterior recorda bastante ao anverso, mais o par posterior é totalmente diferente, cun deseño escuro con trazos de diferentes tons e unha mancha clara aproximadamente na parte central da marxe costal.
- **Dimorfismo sexual.** Moi pouco aparente, as femias son máis grandes que os machos.
- **Voltinismo.** Esta especie de bolboreta presenta varias xeracións anuais, a primeira delas, na primavera, descende dos adultos procedentes do centro e norte de Europa desprazados no outono da tempada anterior ata as nosas latitudes.

HÁBITAT E PLANTAS NUTRICIAS

- É unha especie bastante xeneralista que gusta de ambientes ruderais húmidos, aínda que pode aparecer case en calquera sitio polo súa elevada capacidade de dispersión. As súas eirugas aliméntanse fundamentalmente de estrugas.

COSTUMES

- Os machos son moi territoriais e vixiantes, alongando a súa actividade durante o día case ata o crepúsculo, favorecidos pola súa musculatura que lles permite xerar a calor suficiente para isto. As cópulas poden durar horas e acostuman elixir lugares protexidos para iso.
- As femias depositan os ovos sobre a planta nutricia un a un. As eirugas constrúen refuxios nos que ocultarse dobrando as follas da nutricia e chegan mesmo a pupar no interior deles.
- Pousan tanto coas ás abertas como repregadas.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA

- Holártica, amplamente distribuída polo norte de África, Europa, Asia e América do Norte.